

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA

1. Modificacións da Programación Didáctica.

2. Criterios de cualificación.

2.1. Criterios de cualificación na ESO.

2.2. Criterios de cualificación en 1º de BACHARELATO.

2.3. Criterios de cualificación de PENDENTES ESO

2.4. Criterios de cualificación de PENDENTES BAC.

3. Deseño de actividades a desenvolver no período entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria na ESO e entre a 3ª avaliación e a final en 1º BAC.

3.1. Actividades de Apoio/ Recuperación.

3.2 Actividades de Ampliación e Reforzo.

3.3. Plan de recuperación para alumnado coa materia pendente.

CURSO 2021-22

IES Xoán Montes

1. Modificacións da Programación Didáctica

Elimínase toda referencia na Programación Didáctica á avaliación extraordinaria na Educación Secundaria Obrigatoria.

2. Criterios de cualificación.

2.1. Criterios de cualificación na ESO

Mantense o criterio para o cálculo da nota da 3ª avaliación que se reflicte na programación e que se redacta de seguido:

“ Realizaranse entre unha e dúas probas escritas por avaliación. Estas consistirán na resolución dunha serie de problemas e cuestións relacionadas cos estándares recollidos na programación. Por debaixo dunha puntuación de 3,5 nunha das probas non se fai media para acadar un aprobado.

A nota de cada avaliación corresponderá cunha porcentaxe mínima do 85 % a media destas probas escritas, na porcentaxe restante terase en conta entre outros: o traballo diario, probas de clase, informes de laboratorio, a realización das tarefas propostas para a casa, traballos individuais, test de clase, elaboración de mapas conceptuais etc.

A avaliación considerarase aprobada cunha nota mínima de cinco. Os alumnos/as que non acaden o aprobado farán una proba de recuperación despois da avaliación. Para aqueles alumnos/as que realizan recuperación, a nota final da avaliación será unha media ponderada, na que contribúe cun 80% a nota da proba de recuperación e un 20% a nota da avaliación suspensa correspondente, cun mínimo de 5 para que aprobe a recuperación. Se a nota do exame de recuperación é de 5 puntos, manterá esta nota na avaliación”

Modificación: Criterios de cualificación na ESO

- Realizarase unha recuperación da 3ª avaliación antes do remate da data de avaliación.
- Para o cálculo da nota da avaliación ordinaria farase a media das tres avaliacións sempre e cando a nota máis baixa nunha delas sexa 4. No caso de que a media aritmética das tres avaliacións sexa 5 ou superior considerarase a materia superada.
- No caso de que teña unha avaliación suspensa con menos de 4 o alumnado terá que facer un exame para recuperar dita avaliación.
- No caso de que teña dúas ou tres avaliacións suspensas o alumnado terá que facer un exame de toda a materia. Nesta caso a nota da avaliación ordinaria será como máximo 5 .

Aquel alumnado que empregue métodos ilícitos para realizar as distintas probas terá unha cualificación de cero nas mesmas.

2.2 Criterios de cualificación en 1º de BACHARELATO

Mantense o criterio para o cálculo da nota da 3ª avaliación que se reflicte na programación e se redacta de seguido:

“Realizaranse como norma xeral entre unha e dúas probas escritas por avaliación. Estas probas consistirán na resolución de problemas e/ou cuestións relacionadas cos estándares recollidos na programación. Por debaixo dunha puntuación de 3,5 nunha das probas non se fai media para acadar o aprobado. (Nas probas ou preguntas de formulación orgánica ou inorgánica para acadar a metade da puntuación necesítase un 70% de acertos en dita proba ou pregunta).

A nota de cada avaliación corresponderá cunha porcentaxe mínima do 90% da media destas probas escritas, na porcentaxe restante terase en conta entre outros: traballo diario, informes de laboratorio, traballos, realización de tarefas propostas para á casa.

A avaliación considerase aprobada cunha nota mínima de 5. Os alumnos/as que non acaden o aprobado farán una proba de recuperación despois da avaliación. Para aqueles alumnos/as que realizan recuperación, a nota final da avaliación será unha media ponderada, na que contribúe cun 80% a nota da proba de recuperación e un 20% a nota da avaliación suspensa correspondente. Se a nota da proba de recuperación é de 5 puntos, manterá esta nota na avaliación. Os alumnos que teñan aprobada a avaliación, poderán presentarse a subir nota no exame de recuperación, e manterase a mais alta das dúas notas obtidas”.

Modificación: Criterios de cualificación en 1º de BACHARELATO

Para acadar o aprobado na convocatoria ordinaria deberanse ter aprobadas as tres avaliacións cunha nota de 5 ou superior, e a nota será a media aritmética redondeada das tres notas.

A recuperación da terceira avaliación estará incluída na proba final.

Ao final do curso realizarase unha proba final onde o alumnado recuperará as avaliacións non superadas previamente.

- O alumnado que teña unha avaliación suspensa fará a recuperación de dita avaliación.
- Quen teña dúas ou tres avaliacións suspensas, deberá examinarse de toda a materia. Nesta caso a nota da avaliación ordinaria será a obtida nesta proba.
- Para a avaliación extraordinaria realizarase unha proba extraordinaria que incluírá preguntas que recollan os estándares fundamentais traballados durante o curso. O número de preguntas estará comprendida entre cinco e dez. A valoración de cada unha delas aparecerá reflectida na proba, agás que sexa a mesma para todas.

Aquel alumnado que empregue métodos ilícitos para realizar as distintas probas terá unha cualificación de cero nas mesmas.

2.3. Criterios de cualificación de PENDENTES na ESO

Mantéñense os procedementos e instrumentos de avaliación que foron descritos no plan de recuperación de materias pendentes recollido na programación (Páx. 168)

Modificación:

- No caso de que o alumnado non superase a materia segundo o plan de reforzo previsto fará unha proba final da materia na que poderá recuperar as partes suspensas. A data desta proba será proposta por Xefatura de Estudos. Entregarase ao alumnado unha serie de actividades encamiñadas á recuperación da materia.
- Se ten que recuperar toda a materia a nota da avaliación ordinaria será a correspondente a esta proba.
- Se ten que recuperar só unha parte a nota da avaliación ordinaria será a correspondente a media desta proba e a parte que teña aprobada.

Aquel alumnado que empregue métodos ilícitos para realizar as distintas probas terá unha cualificación de cero nas mesmas.

2.4. Criterios de cualificación de PENDENTES en BAC

Mantéñense os procedementos e instrumentos de avaliación que foron descritos no plan de recuperación de materias pendentes recollido na programación (Páx. 170)

Modificación:

- No caso de que o alumnado non superase a materia segundo o plan de reforzo previsto fará unha proba final da materia na que poderá recuperar as partes suspensas.
- Se ten que recuperar toda a materia a nota da avaliación ordinaria será a correspondente a esta proba.
- Se ten que recuperar só unha parte a nota da avaliación ordinaria será a correspondente a media desta proba e a parte que teña aprobada.

De non superar a materia o alumnado deberá presentarse a unha proba extraordinaria de toda a materia.

Aquel alumnado que empregue métodos ilícitos para realizar as distintas probas terá unha cualificación de cero nas mesmas.

3. Deseño de actividades a desenvolver no período entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria na ESO e BAC.

3.1. Actividades de Apoio/ Recuperación.

Para o alumnado que teña unha ou máis avaliacións suspensas se proporán actividades de apoio e reforzo encamiñadas á preparar a proba que teñan que facer para superar a avaliación ordinaria.

3.2 Actividades de Ampliación e Reforzo.

Para o alumnado que teña a materia aprobada deseñaranse actividades de reforzo e ampliación das unidades didácticas vistas durante o curso.

3.3. Plan de recuperación para alumnado coa materia pendente.

No caso do alumnado coa materia pendente que non superara a materia segundo o plan de recuperación das materias pendentes recollido na programación entregaráselle unha serie de actividades encamiñadas á preparación da proba final. O alumnado poderán preguntar dúbidas sobre as actividades á xefa de Departamento ou ao profesor/a do curso onde están.

Lugo, 9 de abril de 2022